

Que está a pasar?

A súa nai levouna no coche ao instituto, e a continuación dirixiuse a outro instituto, onde traballaba de profesora de matemáticas.

As matemáticas dábanselle ben a Ester. Para ela eran un xogo apaixonante, tanto coma o xadrez ou o tres en liña, moito máis ca o parchís ou a oca. Coas matemáticas, a mente de Ester poñíase en marcha e corría veloz ata que a máquina do seu cerebro ameazaba con botar fume e estalar dun momento a outro, e tiña que parar. Malia que só estaba en segundo da ESO, sabía resolver matrices e determinantes, exercicios de trigonometría e mesmo algo de cálculo integral que lle aprendera súa nai. Moitas operacións sinxelas resolvíaaas mentalmente, sen necesidade do seu lapis especial e de papel. Iso víñalle da nai, que lle inculcara o gusto polo mundo dos números. Como gozaba cando

lle poñía problemas ou enigmas para que os resolvese e ela lle daba voltas e máis voltas á súa cabeza ata que atopaba a solución!

—Se ti me das un, terei o dobre ca ti; se eu che dou un, terás a mesma cantidade ca min. Canto temos cada unha?

Ese enigma resolvérao soíña en terceiro de primaria, sen pistas, nin lapis, nin nada. Fixérao mentalmente.

Encantábanlle tamén as matrices máxicas nas que ela acertaba sempre a suma de catro números escollidos por outra persoa. Os problemas coma aquel en que tres nenos han de repartir once caramelos, de tal xeito que a metade sexa para o máis vello deles, a cuarta parte para o mediano e unha sexta parte para o máis novo. Todo iso sen abrir os caramelos. Os nenos non atopan o xeito de resolver o problema e comezan a discutir. Chega, de súpeto, unha nena cun caramelo na man.

—Regálovos o meu caramelo. Agora tedes doce. Seis para ti, grandullón, a metade; tres para ti, mediano, a cuarta parte; e dous para ti, pequerrecho,

Na casa da tía Nati

O grupo disolveuse á entrada do parque. Nélica acompañou a Ester ata o portal da tía Nati. De camiño, a rapaza quixo subir á súa casa, a ver se todo estaba en orde.

—Comprobas a ver se hai un par de tipos vi-xiando? —pediulle Ester á súa amiga antes de entrar no portal.

—Hai só un tipo gordo nun coche; ten un feo croque na calva.

—Paréceme que o coñezo.

Subiron ao piso e entraron.

—Deus! Que desorde! —exclamou Nélica.

—Seguro que o estiveron rexistrando e o deixaron todo patas arriba —dixo Ester.

Foi ao seu cuarto, colleu algo de roupa e un par de libros nunha bolsa, e saíron. Pipo apareceu cun paquete na boca.

—Pipo leva algo na boca —sinalou Nélica.

Ester apalpou o paquete.

—É comida para cans. Pobre Pipo, ninguén se lembra de ti.

—Déixame levarcho, Pipo —pediullo Nélica e quitoulle o paquete da boca.

Pipo lambeulle unha perna.

Unha vez fóra, botaron a andar pola beirarrúa. De alí a un anaco, Nélica mirou para atrás.

—Ester, o gordo baixouse do coche e estanos a seguir.

—Xa estou farta! —enfadouse Ester—. Pipo, a por el!

Pipo lanzouse á carreira cara ao gordo. Nélica narraba a escena.

—Vaites, como corre o gordo! Agora non parece tan gordo, senón un corredor olímpico. Pipo deulle un bocado no traseiro.

—Non pode ser —exclamou Ester—. Só lle tocaría co morro, para asustalo. Está ben educado e sabe que non lle ten que facer dano a ninguén, agás nunha situación de verdadeiro risco.